

O AUTO DAS ÁNIMAS 1284

Pablo Lago Dantas, 2023

ESTREA EN NUMAX: 03.05.2024 | V.O. | 75 min

Nunha aldea de Redondela a familia de Pablo vive apegada ás súas antigas tradicións e crenzas. Sentindo que non encaixaba neste mundo, Pablo marchou hai vinte anos para comezar outra vida lonxe de todos eles. Pero, a medida que tanto el como a súa familia van envellecendo, unha sensación comeza a facerse máis forte. No tempo da augardente, a familia reúnese e intúen que quizais xa non lles queda moito tempo. Unha historia de memorias, identidade, rituais e reencontros.



Entrevista con Pablo Lago Dantas: «As cousas máis esenciais do ser humano repítense, aínda que sexa con formas diferentes»

Por Jorge A. Trujillo

C'O auto das ánimas regresa ás súas orixes e aos da súa familia. En que momento a súa cabeza fixo clic e decide facer esta viaxe vital e plasmalo nunha película?

Eu creo que se foi xestando aos poucos. A propia historia levábaa dentro, desde que me fun. É verdade que á idade de 18 anos, cun espírito máis rebelde, o que buscaba era afastarme de toda influencia para empezar de cero. «Matar os teus pais», como di Nietzsche. Era como buscar quen son desde a nada. Isto levoume a afastarme, pero ao entrar nunha idade máis adulta, cada vez que visitaba a familia ía cambiando a miña mirada. O feito de que a miña avoa se fixese maior tamén fixo que me achegase máis. Antes era unha muller activa e forte, e ao ver que xa non, iso fíxome pensar moito na morte e no que significa. Todo isto estaba vinculado ao que simboliza o mundo dos aguardenteiros, o mundo da tradición, o arraigamento á terra e aos viñedos que teñen todos os veciños. A miña xeración xa non fai isto, así que empezas a proxectar o futuro sen estas tradicións. Imaxino este lugar dentro de 20 anos e será completamente diferente. Todo isto empuxoume a facer esta viaxe, que mostra este conflito interno que quería explorar, atreverme a enfrontalo, miralo á cara. Tiña unha historia que contar e o cinema é a miña ferramenta natural para facelo.

O filme axudoulle a reconciliarse con este conflito interno? Si, foi como unha terapia e unha cura. Dei algúns pasos, aínda que o conflito segue estando aí. Ao penetrar nel, síntome máis unido á miña familia. Durante o tempo que pasei coa miña avoa, tentamos entendernos, e aínda que vexamos o mundo de forma diferente aceptámonos porque nos queremos. Descubrí que as cousas máis esenciais do ser humano repítense, aínda que sexa con formas diferentes. Os símbolos da vida mantéñense e iso fíame sentirme máis unido a eles.

A súa familia e a súa vila puideron ver a película? Non, non a viron. Quero esperar a que a vexan no cinema e se estree en Galicia. Espero que sexa axiña. Esta é, creo, a parte máis importante tras acabar a película. Quero ver como a recibe a miña familia, a miña avoa, a miña vila.

Impresionoume moito a imaxe da Galicia rural e tradicional, no sentido máis profundo da palabra. Como xestiona vostede esa dobre identidade entre o tradicional e o máis cosmopolita da España actual? Creo que este conflito interno do que falaba forma parte da miña identidade, unha identidade máis escéptica, máis orientada cara á exploración e o cosmopolita, e mesmo cara ao individualista. Con todo, trato de equilibrala con eses valores que están arraigados na terra na que nacín. Vivín en varias cidades, despraceime continuamente, e moitas veces botei de menos esas comidas familiares e eses momentos de convivencia cos veciños durante as celebracións. Claro, a partir de aí xorden as miñas preguntas máis existenciais: onde está o meu fogar? Algún día terei un fogar? E creo que o meu fogar sempre estará alí, aínda que non viva alí. De momento, puiden construír algo parecido noutro sitio. Todo isto ten que ver coa identidade e os valores cos que crecín.